



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Servizo de Contratación
Expediente: Axuda no Fogar
Acta da mesa de Contratación

APERTURA DOS SOBRES DE REFERENCIAS TÉCNICAS - ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Ás 9.36 horas do día 26 de febreiro de 2015, reúnese a mesa de contratación, no salón de plenos do concello, para proceder coa apertura das plicas presentadas na adxudicación do contrato para o servizo de axuda no fogar do Concello de Boqueixón

ASISTENTES:

Presidente: Manuel Mouriño Varela
Vogais: M^a Dolores García Couto
Raquel García Fraga
Elena Suárez Rodríguez (secretaria - interventora do concello)
Xabier Canabal Fernández
Perfecto Barcala Mosquera
Secretaria: Adela Lamela Arteaga

Comité de expertas:
Mónica Rodríguez Palacio
Virginia Amor Carballido
Inés Currais Recarey

Representantes das empresas:
Adriana Estévez – Barti Servizos 2009, SL
Isabel Gómez – Pimosa Servizos Integrais, SL
Vanessa Reboredo Vázquez – Servizos Sociais Ulla Sar,SL
Santiago Vázquez –Atendo Calidade, SL

Empresas que presentaron ofertas:

Núm. orde	Data presentación	Empresa	Núm. de rexistro
1	04/02/2015	Servizos Sociais Ulla Sar, SL	15/203
2	03/02/2015	Atendo Calidade,SL	15/191
3	04/02/2015	Barti Servizos 2009,SL	15/211
4	04/02/2015	Marine Bos Aires, SL	15/207
5	30/01/2015	Servizos Sociais a Comunidade,SL	15/153
6	03/02/2015	Servital Servizos Sociosanitarios, SL	15/192
7	03/02/2015	Pedroso y Rojas,SL	15/195
8	04/02/2015	Clece,SA	15/210
9	04/02/2015	Primosa Servizos Integrais, SL	15/213

Comeza o sr. Canabal dicindo que non sabe quen redactou os pregos pero que non está de acordo co xeito de valorar a oferta económica, posto que están redactados de tal xeito que non se valora a baixa no prezo.

A secretaria da mesa dille que é un xeito de que se valoren máis as prestacións e polo tanto se aumente a calidade do servizo. Responde o sr. Canabal que non vai a votar en contra pero que non está de acordo coa filosofía dos pregos.

Comézase coa apertura da documentación comprobando, cos pregos diante, que veña correctamente presentada. As traballadoras que compoñen o comité de expertos, puntualizan as indicacións que os pregos ditan de cómo presentar o proxecto técnico. Supervísase que o índice de contidos que se sinala, faga referencia ó indicado polas empresas nos seus proxectos técnicos.

De acordo con estas indicacións, vanse abrindo os sobres B de Referencias Técnicas e despois de revisar que a documentación estea completa e correctamente presentada, é selada cos cuños de secretaria ou secretaria da mesa de contratación, custodiados polas persoas encargadas dos correspondentes servizos.

Entra o sr. Barcala Mosquera ás 9.55 h. no salón de Plenos.

Despois de examinar todos e cada un dos sobres, advírtese que a documentación presentada pola empresa CLECE, SA non está correcta. O proxecto non está paxinado e tan só consta de un índice na súa primeira páxina. Ó non estar paxinado, resulta trabaloso saber onde comezan e rematan os epígrafes sinalados no índice.

Despois de repasar a documentación e ser comentada co comité de expertos esta incidencia, a mesa de contratación por unanimidade acorda desestimar a documentación presentada pola empresa Clece,SA ó non axustarse ó especificado nos pregos de cláusulas, no relativo ó modo de presentación da documentación.

O comité de expertos quédase xa este día a revisar a documentación e a mesa levántase ás 10.55 horas.

Despois de ler esta acta asínana tódolos membros da mesa, o que certifica:

Vogal 1

Vogal 2

Vogal 3



Vogal 4

Vogal 5

O Presidente

A secretaria

